Carvalho Calero: de puño e letra

Concello da Coruña
Concellaría de Cultura

Comisario da exposición:
Xoán Costa Casas

Texto:
Xoán Costa Casas
Mercedes Quixaas Zas

Agradecemento:
Real Academia Galega

Deseño gráfico:
Arturo Iglesias

Eu nascín no Ferrol Vello...

”eu nascin no Ferrol Vello. O Ferrol Vello é o Ferrol máis antigo, un bairro de pescadores, primitivamente, que non era outra cousa que unha vila mariñeira semellante ás da Ría enfrente do Ferrol de hoxe, por exemplo Mugardos”.

Ricardo Carvalho Calero naceu o 30 de outubro de 1910 na casa número 51 da Rúa de San Francisco de Ferrol. É o máis vello dos seis fillos do casal formado por María Dolores Calero Beltrán e por Gabriel Ricardo Carballo Naya, familia integrada na vida da burguesía ferrolá do primeiro cuarto do século XX.

Acabado o Bacharelato, matriculouse na universidade, no curso de Dereito, para rematalo no ano 1931, e se licenciar posteriormente en Letras, con premio extraordinario, en

1935. Axiña se converteu nunha das figuras máis prestixiosas do movemento estudantil, ao que se lle encomendaban discursos de abertura de curso, informes ou manifestos. Foi presidente da Federación Universitaria Escolar (FUE).

”non é a miña situación presente moi a propósito pra invertir o meu tempo en redactar manifestos, pero craro está que desque hoxe recibín a vosa tarxeta non estudei nin fixen tal que traballar no encarrego”.

Así mesmo, a presenza en Santiago serviulle para se aproximar e ingresar no Seminario de Estudos Galegos, como membro da Sección de Literatura Galega e de Ciencias Sociais, Xurídicas e Económicas, xunto a outros galeguistas e máis "os meus compañeiros habituais", cuxo obxectivo nuclear era construíren un centro de investigación científica desde e para a nación galega.

Foi un dos fundadores, na asemblea de Pontevedra de 1931, do Partido Galeguista e, xunto con Lois Tobio, elaborou o Anteproxecto de Estatuto de Autonomía para Galiza, de concepción federalista, un ideario que despois non asumiría para si a Constitución Republicana.

A guerra civil (1936-39) sorprendeuno en Madrid. Incorporado ao exército republicano, como oficial, estivo en Valencia e Andalucía, onde foi detido, xulgado e condenado "por adhesión á rebelión" a doce anos e un día de reclusión. Puido retornar a Ferrol en 1941 coa obriga de se presentar periodicamente perante a autoridade militar até a extinción da pena, en 1951.

”O grande trauma da guerra esnaquizóu moitos arquivos. O da miña memoria foi alarmantemente saqueado”

En Ferrol permaneceu até 1950, impedido de exercer a docencia oficial e dedicado ao ensino de maneira precaria:

”Regresei a Ferrol e dediquei-me ao ensino privado. Ainda que dunha forma practicamente, ou máis ben teoricamente, clandestina; porque non podía estar colexiado a consecuencia da condena que se me impuxera”.

” Habida cuenta de que no puedo colegiarme, el poner en marcha actividades docentes sólo podría realizarse de manera precaria y eventual y aún así prosperaría con serias dificultades”.

“...debo atenerme a mi trabajo en Ferrol, tan ingrato como poco remunerado”.

En 1950 trasládase a Lugo como Director do Colexio Fingoy, responsabilidade á que dedica todo o tempo e atención "até o punto de ter que renunciar á literatura cicais para sempre", co obxectivo de converter este centro educativo nunha experiencia pedagóxica única na Galiza.

”Aspirava-se a centrar o ensino no meio galego, a arraigar a educaçom no ambiente do país. Rejeitava-se toda a pedantaria livresca que confundise a formaçom dos rapazes com a erudiçom infantil, despersonalizada e apátrida”

Permanece en Lugo até que, no ano 1965, se incorpora como profesor interino de Lingua e Literatura Galegas na Universidade de Compostela, onde acabaría sendo o primeiro catedrático de Lingüística e Literatura Galega.

” Ao regreso dun viaxe achéi eiquí dúas cartas túas. Nunha felicítasme por téreme encarregado a Faculdade de Letras de Santiago do curso prósimo de Lengua e Literatura Galegas. (...) O Decano escribiume ofrecéndome o posto. Como a cadeira non está dotada, só se dispón de 700 pesetas mensuás pra me remunerar. Pero, ¿cómo ía atreverme a refusar?

Mallaríades en min. Contestei aceitando ... En fin, é unha aventura persoal impropria dos meus anos; pero quero ensaiala, inda que remate mal, pois sería paradóxico que a esquivara. Hai que vivir con autenticidade".

Xa en Santiago a súa dedicación á Universidade foi total e o seu incesante labor desde o posto de ensinante universitario abranxe múltiplas facetas, desde o contacto persoal até a investigación máis erudita; da edición de libros á dirección de teses de doutoramento.

O seu traballo docente terminou en 1980, malia continuar acudindo á Facultade de Filoloxía até pouco antes de morrer en Santiago o 25 de marzo de 1990.

Carvalho Calero na Coruña

A relación de Carvalho Calero coa cidade da Coruña iníciase en 1920, con apenas dez anos de idade.

Nese momento, acompañado de seu pai en reiteradas ocasións, viaxando en tren desde Ferrol e hospedándose no Hotel Palace, acode ao Instituto General y Técnico Eusebio da Guarda para realizar os exames de ingreso e de primeiro curso, que superou conxuntamente.

Anos máis tarde as súas visitas á Coruña terían como destino a rúa Tabernas para asistir ás sesións da Real Academia Galega, institución na que ingresou como académico en 1958, ou ben para consultar os arquivos e fondos documentais precisos para avanzar no seu macroproxecto vital e profesional, ademais de pioneiro, a *Historia da literarura galega contemporánea*, que publicaría finalmente na editorial Galaxia en 1963.

" Pra nadal penso me desprazar á Cruña, pois éme indispensable esculcar en certas revistas que hai na Academia"

"Eu pasarei a próisima semana na Cruña, a onde me trasladaréi pra ver de dar un definitivo arrepuxón ao primeiro tomo da Historia, consultando na Academia os libros raros que soio acharíamos alí. De xeito que se me escribes calquer día do mes actual, debes facelo a Teresa Herrera, 17-4 dcha".

Malia non ser sempre posíbel facer estas viaxes á vontade, pois as dificultades eran moitas...

" a miña viaxe á Cruña non a fixen ainda, pois polo procedimento de pago empregado no Colexio, día que falto, día que deixo de cobrar as crases".

... o certo é que si eran viaxes frutíferas:

"Onte regresei da Cruña onde estiven dous días traballando na Academia e outros lugares. O mao é que ou teño demasiado froito, porque ao percurar dados pra o que traio entre mans topo con outros que se refiren ao que xa teño feito e non me resisto á tentación de arrecadalos pra arrequentar o xa redactado"

" Se non xurde incomenente, o 6 de xulio fuxirei de Lugo á Cruña pra me esquecer ate onde poda de Fingoy durante algúns días. Ali pararei na Pensión "La Paz" rúa da Fonte de Santa Catarina, número iñorado".

A creación literaria - Poesía

... ”dunha forma ou doutra -aínda que eu son polígrafo, xa que teño traballado en narrativa, en teatro e en ensaio-, creio que, efectivamente, o máis íntimo da miña personalidade está reflexado na poesía, até o extremo de que na mesma narrativa ou no mesmo teatro, considero que a parte mais persoal ou a parte mais orixinal, dentro da orixinalidade que cabe a un escritor do século XX depois de Xesuscristo, é aquela que contén unha raiz lírica”.

Carvalho Calero publicou once libros de poesía, dous deles en castelán, *Trinitarias* (1928) e *La soledad confusa* (1932), e en galego o resto da súa creación literaria.

Vieiros, 1931

O silencio axionllado, 1934

Anxo de terra, 1950

Poemas pendurados dun cabelo, 1952

Salterio de Fingoi, 1961

Obras colectáneas:

Pretérito Imperfeito, 1980



Futuro condicional, 1982



Cantigas de amigo e outros poemas, 1986

Reticências, 1990



A creación literaria - Teatro

”A minha afeiçom ao teatro, afeiçom que só esporadicamente pudem cultivar ao longo da minha vida, data dos meus anos infantis. Os meus pais, no pequeno Ferrol dos tempos da guerra europeia e o após-guerra inmediato, acudian sistematicamente ao teatro Jofre cando o seu cenário nos brindava algum espéctaculo”.

As impresións e experiencias vividas ao redor do teatro, desde a mocidade até a madurez, como espectador, escritor, crítico ou dinamizador, fican explícitas na súa propia voz en cartas e entrevistas.

”Já moço, desde a minha humilde localidade de respaldo do Principal de Santiago, continuei vendo teatro, o mesmo que durante as minhas vacaçons em Ferrol ou as minhas primeiras excursons a Madrid”.

”Mesmo, dentro de reduzidos círculos escolares, sendo professor em diversos centros, privados ou públicos, de distintas cidades galegas, tenho montado alguns espectáculos dramáticos , em galego, castelhano, francês e latim...

” Em 1971 reunim nun tomo o que me pareceu mais legível ou visível do meu teatro.


Ricardo Carballo Calero
TEATRO
COMPLETO
EDICIÓS do CASTRO
teatro

Fôrom quatro peças, às cais em 1982 agreguei outras catro para constituir o meu Teatro Completo"

"Mándoche unha notiña sobre a representación de Pimpinela por se xulgas comenente publicala no prósimo Grial"

O volume *Teatro Completo* (1982) recompila o conxunto da súa creación dramatúrxica:

O Fillo, 1935

Isabel, 1945

A Sombra de Orfeu, 1963

Farsa das Zocas, 1979

A árbore, 1965

O Redondel, 1951

Auto do Prisioneiro, 1970

Os xefes, 1980



A creación literaria - Narrativa

”Eu estou inserto dentro do neorrealismo que por aquela época dominaba tamén a literatura europea, e as persoas proceden ordinariamente por motivos de interese económico”.

A obra narrativa de Carvalho Calero arranca en 1951 con *A gente da Barreira*, a primeira novela en galego da posguerra, gañadora do certame literario de novela longa convocado pola editorial Bibliófilos Galegos, e complétase cos seguintes títulos:

Scorpio, 1987 Premio da Crítica Española


R. CARVALHO CALERO
Scórpio
MEDUSA/SOTELO BLANCO

Os señores da Pena e O Lar de Clara, 1984

As pitas baixo a chúvia, 1952

Os tumbos, 1950

A Cegoña, 1957

Aos amores seródios, 1979

Provérbios Otomanos: De Selim a Solimám, 1985

22 novbr. 1911

Querido amigo:

Como, según de costumbre, as dificuldades de leitura do meu trabalho sobre Amadeu reduzem-se a primeira página, cando-che esta fotografía do mesmo que resolverá as dúvidas.

Na última reunión creo recordar indicar que me parece que esa recensión de Lorenzo Riber debe ser a que dos Hechos, como creo que é a anterior, e como definía o título, como no número 3, o que é máis propio do estudio e outras.

A creación literaria - Crítica litera-

" O bergantiñán ara a terra, sega o pan, derruba o piñeiro, caza a perdiz, leva anteposto o carro de táboas ou trinca a escota á vista da praia, iñorante de que pra todo galego culto os traballos e os días da súa vida, os traballos e os días do bergantiñán, locen orballados de gracia poética, Cor obra e gracia dun poeta daquela terra; de xeito que decimos Bergantiños, e inmediatamente coidamos en Pondal".

Carvalho Calero ofrécenos magníficos exemplos de obras ensaísticas, tanto nas colectáneas que recompilan conferencias e artigos de xornal como na súa obra científica.

A década de 1950 confirma a vontade de Carvalho de se dedicar á crítica literaria. Primeiro por medio de colaboracións no suplemento semanal de La Noche, vespertino santiagués, máis tarde co remate da súa tese de doutoramento, xermolo da *Historia da Literatura Galega Contemporánea*, 1963 (traballo iniciado en 1956 e con reedicións en 1975 e 1976), que inclúe estudos de etapas e autores literarios da Galiza a partir de 1808 e até 1975. A primeira edición inclúe apenas a primeira parte, abranxendo o século XIX. A obra completa aparece en 1975, sendo desde entón referen-

cia obrigada para o estudo da literatura galega contemporánea.

" As túas verbas de aprobación do que coñeces da miña obra fixéronme moito ben, pois ando tan consumido pol-as miñas angueiras e dificultades na meu traballo no Colexio, e tan esgotado pol-a miña loita constante cos problemas, que ás veces seméllame imposible dispor de tempo e humor pra cumprir o meu desexo de facer a Historia ..."

Asemade, a posguerra en branco e negro, o tempo da persecución e do medo, obriga a ocultar o Carvalho activo e nacionalista de esquerdas e reformularse desde a continuada implicación na resistencia cultural artellada ao redor da recén fundada editorial Galaxia, que entendía como un necesario proxecto colectivo ao que se entregou sen descanso desde múltiples facetas.

Sete poemas galegos, 1955

Brevario antológico de la literatura gallega contemporánea, 1966

Libros e autores galegos: dos trovadores a Valle Inclán, 1970

Sobre lingua e literatura galega, 1971

Estudos rosalianos, 1977

Da Fala e da Escrita, 1983

Problemas da Língua Galega, 1981

Letras Galegas, 1984

Escritos sobre Castelao, 1989

Do Galego e da Galiza, 1990 (Póstumo)

Umha voz na Galiza, 1992 (Póstumo)

A creación literaria - Edición de textos

” Coido que, sexan as que sexan as dificultades técnicas ou materiás que presente a impresión de Os Eoas, é un deber dos galegos acometer a realización da empresa. (...) Non é admisible que permaneza indefinidamente inédito un material poético elaborado por un escritor de tan outa categoría. A cultura superior galega ten necesidade imperiosa de coñecer de unha vez isa obra; e, ou renunciamos a erguer a nosa investigación erudita ao rango de seriedade e e prenitude que compre, ou temos que aspirar a ter a Pondal completo”.

A edición de textos, quer con carácter crítico quer con carácter antolóxico, foi outra das ideas constantes de Carvalho que na actualidade podemos descubrir en:

Versos iñorados e ou esquecidos de Eduardo Pondal, 1961

Edición de *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro, 1969

Poesías de Rosalía de Castro, con L.Fontoira Surís, 1972

Finalmente, do seu puño e letra constatamos, desde moi novo, a preocupación de Carvalho pola lingua galega, tanto pola súa codificación como polo seu correcto uso desde o coñecemento etimolóxico, callada, en 1966, na redacción e publicación da *Gramática elemental del gallego común*.



"Fas moi ben en supor que ando moi atafegado coa Gramática. Tiraniza a miña vida. Decidín me choer en Fingoy, sen acaroarme ao mar iste vran, pra poder rematala, sexa como sexa, en setembro".

" Recibín a túa carta do 20, e aquela outra do 22 na que colaboraches con Tenreiro. Aconséllote que non digas cordileira, que é unha barbaridade.".

E mais sobre o emprego en público do galego ou a necesidade de crearmos espellos públicos de uso:

"Paréceme moi mal que falaras en castelán no mitin escolar. Hai que partir da hipótese de que todos os estudantes de Santiago coñecen o galego. A tesis debe ser: en Galicia, como non se actúe como funcionario oficial nunca debemos falar en castelán en púbrico".

”Polo que se refire ás vacantes da Academia, penso o que sigue. Debemos manter o acordo antre nós dous - que pode se estender, naturalmente- de non votar a quenes non cultiven o galego ”.

”Algumas pessoas desinformadas tendem a apresentar-me como um inovador, como um revolucionário polo que se refere ao conceito da nossa língua, mas as minhas opiniões, expressadas naturalmente conforme aos meus próprios parâmetros pessoais, são sem embargo aquelas opiniões, aqueles critérios que tradicionalmente se professam dentro do galeguismo. Uma doutrina revolucionária é, por exemplo, a de que o Galego é uma língua que deve ser considerada absolutamente independente dentro das Línguas da Românica. Isso sim pode ser considerado inovador, ainda que com um tipo de revolução completamente contrário à realidade da experiência histórica [...] eu realmente não creio que se me pode considerar um dos pais do reintegracionismo. Mais bem sou um dos filhos, por que o reintegracionismo nasce cientificamente com o Romanismo, e politicamente com o Galeguismo.”

A necesaria difusión cultural

Ao longo da súa vida Carvalho Calero desenvolveu un importante traballo de difusión cultural, quer mediante conferencias quer mediante escritos en xornais, baixo sinatura propia ou mediante diferentes pseudónimos, que nos permiten ver como é consciente das carencias que en materia cultural e educativa ten Galiza e da súa entrega xenerosa a este labor de superación das eivas históricas:

"Esquecíame falarche dunha conversa que sostiven onte cun amigo que me suxeriu a comenencia de que se grabaran discos con recitacións de poemas escollidos galegos. Poderíase empezar cos de Rosalía, Curros e Pondal. (...) Creo que debes meditar na posibilidade desta ampliación dos nosos medios de actuación cultural.".

"Éme necesario facer pra os meus alumnos da Universidade dúas antoloxías, unha de galego antigo e outra de galego moderno".

Asemade, Carvalho Calero foi consciente da necesidade da intervención pública, a través de calquera medio, para divulgar e visibilizar a problemática linguística e cultural. E foi na derradeira década da súa vida (1980-1990) cando, con xenerosa entrega, acudiu a cantas peticións lle foron feitas desde a Asociación Socio-Pedagóxica Galega, a Asociación de Escritores en Lingua Galega, a Mesa pola Normalización Lingüística, a Agrupación Cultural da Coruña "Alexandre Bóveda", a Asociación "Medulio" de Ferrol, a Asociación "O Facho" da Coruña, a Associaçom Galega da Língua, etc. Un labor consciente e necesario que, moitas veces, lle impide facer o traballo de investigación que as circunstancias requirían e que o noso protagonista gustaba de atender.

"Non só as viaxes me rouban moito tempo, senón que aquí e alí malamente dou abasto ao meu traballo cotián. Pero o peor son as conferencias. (...) tiven que dar catro en Santiago (...) Agora irei a Vigo porque me paareceu que non conviña refusar a invitación; pero todo iso perturbame enormemente. Propoñome non dar máis niste curso. Pero ¿quen sabe se poderei manter o propósito".

Biblioteca del "Centro Obrero de Cultura"

En torno a las ideas comunistas de Platón

CONFERENCIA

pronunciada en el «Centro Obrero de Cultura» de Ferrol, el día 13 de Julio de 1929, por

Don Ricardo Carballo Calero

Alumno de Derecho de la Universidad de Santiago de Compostela

TALLERES TIPOGRÁFICOS DE EL CORREO GALLEGO

Bibliografía reproducida nas citas

Carvalho Calero, R. (1979): *Historia da literatura galega contemporánea* (Vigo : Galaxia).

Fernán-Vello, M. A. / Pillado Mayor, F. (1986): *Conversas en Compostela con Carvalho Calero* (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).

Fernández del Riego, F. et allii (2006): *Epistolario a Francisco Fernández del Riego* (Vigo : Galaxia).

Salinas Portugal, F. (1991), *Voz e siléncio* (entrevista con R. Carvalho Calero) (Pontevedra : Edicións do Cumio).

"O português na Galiza", *Letras galegas*, AGAL.